



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2023/5433. Aprobación das bases do XVIII Certame de Arte "Isaac Díaz Pardo"

XVIII Certame de Arte "Isaac Díaz Pardo"

Na liña de apoio á creación artística que leva a cabo a Deputación da Coruña e en homenaxe ao gran creador polifacético cuxo nome suxire a creatividade e a contemporaneidade galega, a Deputación da Coruña convoca o XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo" de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.-

Poderán participar todas as persoas nadas ou residentes en Galicia, que traballen no campo da arte, que non fosen premiadas neste certame nos cinco anos anteriores e que presenten unha obra non premiada en ningún outro premio ou certame.

A temática e a técnica da obra serán libres; establecéndose os seguintes límites ás súas dimensións:

* pintura e obra gráfica/obxectos bidimensionais: cada elemento (módulo) que compoña a obra non excederá de 2 x 2 metros.

* escultura/obxectos tridimensionais: cada elemento (módulo) que compoña a obra non excederá de 2 x 2 x 1 metros e 70 kg.

A obra ou instalación montada pode exceder desas medidas e presentarse cunhas medidas variables.

* obras audiovisuais ou sonoras: en caso de non presentarse unha obra monocanal, os/as artistas deberán facilitar os dispositivos necesarios para o correcto funcionamento da peza.

Cada artista poderá concorrer ao certame cun máximo de unha obra.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicarlle á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

A convocatoria tramitárase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

As persoas participantes deberán dispoñer dun único enderezo electrónico que non poderá variar ao longo da tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital.

Segunda.-

Establecese un premio único dotado con **6.500 €** e ademais adquirirse obra por un importe máximo de **25.000 €**, estando incluídos nas ditas cantidades os impostos que lles sexan aplicables.

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a beneficiaria falecese despois do fallo do xurado.

No caso de que o xurado decida a compra da obra premiada, a súa contía será incluída na cantidade que se destina ás adquisicións, de acordo co criterio seguinte:

Se a valoración da obra supera ao importe do premio, o premio será descontado do importe no que estea valorada a obra e para a súa adquisición, aboarase a diferenza; no caso de que a valoración sexa menor, o importe da adquisición da obra entenderase incluído no premio.

A Deputación poderá publicar un catálogo coa obra premiada e coas adquiridas e, previo acordo coas súas autoras ou autores, poderá publicar, tamén, outras obras presentadas que o xurado considere de calidade.

As persoas cuxas obras sexan incluídas na publicación recibirán cinco exemplares do catálogo.

Terceira.-

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Cuarta.-

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

* Datos da obra:

- título
- técnica empregada
- medidas
- valoración (impuestos incluídos)

* Unha foto da obra presentada, en formato JPEG, 150 ppp, tamaño DIN 4.

* Certificado ou volante de empadramento, acreditativo da residencia en algun concello galego, no caso de persoas non nadas en Galicia.

* O currículo da persoa solicitante.

* Declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos e da súa cesión temporal para os efectos da reprodución total ou parcial da obra e a súa inclusión no catálogo das obras seleccionadas polo xurado.

* Declaración expresa de que a obra non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.

* Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo" de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e de garantía dos dereitos dixitais.

Quinta.-

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegar e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía, nomeadas por ela. As funcións de secretaria exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegar.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente.

O xurado valorará, entre outros aspectos, a viabilidade técnica das obras para a súa exposición.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio e aprobar as adquisicións.

O xurado poderá seleccionar un máximo de 30 obras que considere de calidade para seren incluídas nunha publicación, conforme o establecido na base segunda.

O fallo do xurado será inapelable; terá lugar no segundo semestre de 2023 e será dada a coñecer por medio da páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal; a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

Sétima.-

7.1.- Preselección.-

O xurado, despois de ver as solicitudes e as fotografías presentadas, realizará unha primeira selección das obras. Os nomes dos/as autores/as e os títulos das obras que resulten seleccionadas serán publicados na páxina web da Deputación.

As obras preseleccionadas serán enviadas ao IES Rosalía Mera, rúa Archer Milton Huntington 24, 15011 A Coruña, nas datas e horarios que, por medio da páxina web, sexa indicado e presentaranse debidamente identificadas na súa parte posterior, incluíndo en calquera caso o título, nome do/a autor/a, referencia da solicitude presentada na plataforma SUBTEL, prezo (incluídos os impostos correspondentes), medidas e técnica empregada.

Serán por conta das persoas participantes os gastos de envío e de retorno, e o seguro dos riscos de transporte.

7.2.- Premio e adquisición.-

Rematado o prazo de presentación dos orixinais das obras, o xurado realizará unha nova reunión para seleccionar a obra premiada, e as que se adquiran.

A proposta de adquisición das pezas farase de acordo co criterio do xurado, tendo en conta o sinalado na base segunda.

A adquisición das pezas será resolta pola Presidencia da Deputación, que atenderá para a súa aprobación, ao criterio que tivese constituído o fundamento do xurado para a súa decisión. As obras que sexan adquiridas serán obxecto das correspondentes actas de recepción e pasarán a formar parte do patrimonio da Deputación.

As persoas autoras deberán presentar as preceptivas facturas, nas que se farán constar os impostos que lles foren de aplicación.

A adquisición das pezas supón a extinción do dereito de explotación polas persoas autoras, se ben permanecen inalterables os dereitos morais que a lexislación lles confire.

7.3.- Exposición.-

Nesta reunión seleccionarán un máximo de 20 obras para seren incluídas nunha exposición, que será ofertada a concellos e entidades da provincia, en itinerancia, ao longo dun prazo de tempo que non poderá superar os seis meses.

Os/as autores/as cuxas obras estean na exposición recibirán cinco exemplares do catálogo e, no caso de que non fosen adquiridas, aboarase a cantidade de 300 €/obra, en concepto de indemnización pola cesión temporal delas.

As obras que non sexan seleccionadas deberán ser retiradas polos seus autores ou autoras no prazo dun mes, que se contará desde a notificación da decisión do xurado, de acordo co sinalado na base sexta da presente convocatoria.

Oitava.-

A Deputación correrá cos gastos de seguros das pezas ao longo do tempo en que permanezan no seu poder, e sempre que se respecten os prazos sinalados para a súa retirada.

Aquelas pezas que non sexan retiradas nos prazos establecidos, serán devoltas ás persoas participantes polo medio de transporte que, segundo o criterio da Deputación, sexa considerado mellor, correndo os custos ao cargo daqueles.

A Deputación da Coruña non se fai responsable do deterioro, perda, roubo, etc. que poidan sufrir no transporte as pezas enviadas ao Certame.

Novena.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Décima.-

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña e o encargado será a empresa contratada pola Deputación provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

A Coruña, 13 de febreiro de 2023

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2023/1005